



CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

1. Estadística unidimensional
2. Estadística bidimensional

2.ª AVALIACIÓN

3. Programación lineal
4. Probabilidade

3.ª AVALIACIÓN

5. Mostraxe. Distribucións
6. Inferencia estatística

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Probas: 50%

Traballos: 50%

Participación:

O alumnado que participe en actividades do departamento como Canguro Matemático, Campionato de Polinomios, Open Matemático, Olimpíadas e outras, engadirá ata 1 punto á nota da avaliación correspondente segundo os criterios fixados en cada actividade.

A avaliación será continua e integradora. Basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro.

En cada avaliación haberá como mínimo unha proba escrita ou exame.

Para aprobar a avaliación é necesario acadar cinco puntos unha vez aplicados todos os criterios de avaliación previstos.

Excepto para o intervalo de puntuacións entre catro e cinco, si a puntuación acadada é superior en 0,75 ao enteiro anterior, se lle asignará como nota o seguinte número enteiro (exemplos: se a nota acadada é 5,8 a nota da avaliación será 6; se a nota acadada é 5,6 a nota da avaliación será 5).

A cualificación da final obterase mediante a media ponderada das cualificacións das tres avaliacións, cos seguintes "pesos" (porcentaxes): **1ª avaliación: 25%, 2ª avaliación: 35%, 3ª avaliación: 40%.**

Se un alumno ou alumna non supera a materia na avaliación ordinaria, no mes de setembro realizará unha proba global da materia non superada que será cualificada de 0 a 10 puntos. Para obter o aprobado é necesario acadar un mínimo de 5 puntos.

Nas probas escritas descontaranse 0,05 por faltas de ortografía cun máximo de 1 punto.

No caso de detectar que se copia nun exame retirárase o exame inmediatamente e darásese a oportunidade ao alumno/a de demostrar os seus coñecementos nunha proba que realizará diante de dous membros, alomenos, do departamento.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Non

Lecturas recomendadas: consultar coa profesora. Poden usarse libros da aula.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Canguro Matemático, Campionato de Polinomios, Olimpíada de Matemáticas, Open Matemático, Explícoche Matemáticas, Incubadora de sondaxes e experimentos